

	PLANO ESTRATÉXICO DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA	Código: F01-PE-01 Versión: 02 Data: 09/2014
	2014 - 2020	Página 1 de 16

Este documento constitúe o Plano Estratéxico da Escola Técnica Superior de Enxeñaría (ETSE) da Universidade de Santiago de Compostela (USC) para o período 2014-2020.

A posta en marcha do proceso da súa elaboración foi iniciado polo equipo de dirección do centro na súa reunión de 23 de maio de 2014. A proposta inicial do Plan foi aprobada pola Comisión de Calidade do centro o 17 de xuño de 2014. Entre o 23 de xuño e o 2 de xullo de 2014 fíxose a exposición pública, incluíndo comunicacións específicas aos grupos de interese do centro (estudantes, profesores e PAS). A elaboración final do Plan foi aprobada pola Comisión de Calidade do centro na súa reunión de 10 de xullo de 2014. Posteriormente foi informada positivamente pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos ó 6 de Setembro de 2014 e pola Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno ó 3 de Outubro de 2014. A aprobación final na Xunta da ETSE foi o 9 de Outubro de 2014.

Neste documento faise unha fonda reflexión acerca das fortalezas e debilidades que ten actualmente o centro e se recollen as principais liñas estratéxicas, cos seus correspondentes obxectivos concretos, que deben guiar a xestión da ETSE durante os próximos anos. Nestas liñas estratéxicas plásmanse os avances nos que se debe traballar cara a propia Universidade, aos estudantes, profesores e persoal de servizo e administración do centro, ao contorno empresarial e a sociedade en xeral.

As liñas estratéxicas que se definen e os obxectivos que as desenvolven está en liña co Plano Estratéxico da USC 2011-2020.

Historial de revisións		
Versión	Data	Modificación realizada
00	ACSUG: 12/05/10	Versión verificada
01	Xullo 2011	Adaptación de la Planificación Estratégica de 2009
02	Setembro 2014	Plano Estratéxico 2014-2020

ELABORADO POR:	REVISADO POR:	APROBADO POR:	APROBADO POR:
Comisión de Calidade da ETSE	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	Xunta de Escola	Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno
Data: 10 / 07 / 2014	Data: 06 / 09 / 2014	Data: 09 / 10 / 2014	Data: 03 / 10 / 2014

 <p>Escuela Técnica Superior de Enxeñaría</p>	PLANO ESTRATÉXICO DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA	Código: F01-PE-01 Versión: 02 Data: 09/2014
	2014 - 2020	Página 2 de 16

BREVE HISTORIA DA ETSE

A ETSE da USC naceu oficialmente ó 24 de maio de 2002 coa publicación no Diario Oficial de Galicia do decreto da súa creación. A creación da ETSE representa o compromiso da USC co desenvolvemento da súa área tecnolóxica.

A súa primeira etapa é claramente de crecemento. Tanto no número de titulacións ás que da acollida como no número de estudantes que as cursan. Na actualidade impártense as titulacións de Grao en Enxeñaría Informática (dende o curso 2009-2010), Grao en Enxeñaría Química (dende o curso 2010-2011), Master Universitario en Enxeñaría Ambiental (dende o curso 2007-2008), Master Interuniversitario en Computación de Altas Prestacións (dende o curso 2010-2011), Master Universitario en Tecnoloxías da Información (dende o curso 2011-2012) e Master Universitario en Enxeñaría Química e Bioprosos (dende o curso 2013-2014). Pola curta historia do centro xa pasaron outras titulacións como a Enxeñaría Química, a Enxeñaría Técnica en Informática de Sistemas, o Graduado Superior en Tecnoloxías da Información, o Graduado Superior en Enxeñaría Ambiental ou o Master en Enxeñaría de Procesos Químicos e Ambientais.

No curso 2012-2013, a ETSE contaba con cerca de 150 persoas en diferentes categorías de persoal docente e investigador, 15 persoas en diferentes categorías de persoal de administración e servizos e preto de 900 estudantes.

A Calidade sempre foi unha das apostas fundamentais da ETSE. No ano 2009 apróbanse na Xunta de Escola as primeiras versións da Política de Calidade, Planificación Estratéxica e Plano Operativo. No ano 2010 intégranse todas as accións de Calidade que se desenvolvían na ETSE no Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC).

A aprobación da nova versión do SGIC a mediados de 2013 marca o punto de partida dunha nova etapa na Política de Calidade. Este Plano Estratéxico pretende ser a primeira pedra desta nova etapa.

MISIÓN, VISIÓN E VALORES

No ano 2009 e no marco dunha incipiente política de calidade, a Xunta de Escola da ETSE aprobaba, na súa reunión de 16 de abril de 2009, unha definición da súa misión, a súa visión e os seus valores. Na actualidade seguen en plena vixencia con pequenas modificacións.

Misión

A ETSE ten como misión contribuir á formación integral, nun entorno estimulante, de innovación e de relacións humanas, de enxeñeiras e enxeñeiros excelentes profesionalmente, comprometidos co desenvolvemento da sociedade, baixo principios éticos, de solidariedade, de igualdade de xénero e de sostibilidade.

A ETSE acolle grupos de investigación de referencia en enxeñaría e promove o desenvolvemento científico e tecnolóxico, potenciando actividades de investigación, de difusión da cultura tecnolóxica e de relacións con empresas, institucións e centros de investigación.

Visión

A ETSE quere ser recoñecida como un centro de prestixio en docencia e investigación, integrado no Espazo Europeo de Educación Superior, que presenta unha oferta formativa de calidade en grao e posgrao e que se preocupa pola inserción laboral dos seus titulados.

<p>Escola Técnica Superior de Enxeñaría</p>	PLANO ESTRATÉXICO DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA	Código: F01-PE-01 Versión: 02 Data: 09/2014
	2014 - 2020	Página 3 de 16

A Escola quere ser recoñecida por aplicar unha metodoloxía docente que integre bases teóricas e aplicacións prácticas -nos seus laboratorios e empresas colaboradoras- nun clima de traballo innovador, amable e eficaz, cun profesorado altamente cualificado que fomente o desenvolvemento de capacidades persoais e de aprendizaxe autónoma dos seus estudantes. A Escola quere manter excelentes relacións con outros centros galegos, españois e internacionais, con colexios e asociacións profesionais, con empresas e institucións e, singularmente, cos seus titulados.

Valores

Éticos:

- Integridade
- Cordialidade e Respecto mutuo
- Compromiso coa Sociedade e co Medio ambiente
- Transparencia na Información

Profesionais:

- Cultura da Calidade e Mellora continua
- Iniciativa e Asunción de responsabilidades
- Colaboración e Participación; Traballo en equipo
- Innovación e Creatividade.

FORTALEZAS E DEBILIDADES

O primeiro paso para desenvolver un Plano Estratéxico, que sirva para guiar as actuacións futuras, é facer unha fonda revisión sobre as fortalezas e debilidades actuais cara a identificar os problemas e as oportunidades de mellora. Este apartado dedícase a este fin, aínda que non supón unha relación exhaustiva de todos os aspectos senón que fai énfase en aqueles máis destacados, tanto no positivo coma no negativo.

Para o desenvolvemento desde obxectivo é necesaria a colaboración do maior número de persoas que aporten as súas visións parciais da realidade do centro. A continuación preséntase a análise de fortalezas e debilidades feita dende diferentes ámbitos do centro (equipo de dirección, coordinadores de titulacións, directores de departamentos adscritos e grupos de interese).

Dirección e Administración

No primeiro bloque analízanse as fortalezas e debilidades dende un punto de vista da organización e xestión das actividades, tanto de centro como dos departamentos adscritos. Dentro deste apartado tamén se contemplan os aspectos de calidade e seguridade e saúde pois son aspectos transversais.

Dirección do Centro

Fortalezas:

- Existencia de múltiples canles de comunicación
- Recoñecemento do esforzo mediante os premios Leonardo á Docencia e á Investigación

Debilidades:

- Falta de recursos humanos, recoñecemento e/ou estrutura para alcanzar novas cotas de xestión máis profundas
- Dificultade para coordinar as diferentes canles de información

 <p>Escola Técnica Superior de Enxeñaría</p>	PLANO ESTRATÉXICO DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA	Código: F01-PE-01 Versión: 02 Data: 09/2014
	2014 - 2020	Página 4 de 16

- Pouco coñecemento, por parte da Sociedade, do traballo que se realiza no centro
- Pouco coñecemento, por parte dos Estudantes, das actividades non relacionadas coa docencia que se levan a cabo no centro

Departamentos Adscritos

Fortalezas:

- Fortes sinerxías coa dirección do centro

Debilidades:

- Falta de coordinación co centro nas convocatorias de reunións de órganos e comisións
- Falta de coordinación no desenvolvemento de procedementos de xestión que afectan conxuntamente aos Departamentos e o Centro

Servizos de Administración

Fortalezas:

- Coordinación do traballo e reparto de tarefas entre os diferentes postos de traballo
- Mellora na centralización da xestión das reunións dos órganos colexiados do centro (convocatorias, actas, documentación, etc.)
- Procedementos ben reflectidos e actualizados na páxina Web do centro

Debilidades:

- Moi baixa xestión informatizada da información relevante
- Inexistencia dun rexistro informatizado para facilitar a localización da información
- Inexistencia dun sistema de xestión de enquisas que facilite o seu procesado

Calidade

Fortalezas

- Compromiso cos procesos de mellora
- Cultura da mellora continua
- Obtención da certificación de deseño do SGIC

Debilidades

- Falta de recoñecemento da dedicación das persoas a estas tarefas
- Falla de mecanismos de medición das actividades que se desenvolven no centro
- Falla de mecanismos de medición dos servizos que se ofrecen no centro
- Baixo nivel de implantación formal do SGIC
- Descoordinación entre as accións de calidade que se desenvolven en diferentes ámbitos
- Dificultades formais sobre a forma de definir e seguir as accións de mellora

Seguridade e Saúde

Fortalezas

- Obtención dunha certificación OHSAS18100
- Implicación dos órganos directivos de centro e departamentos e creación dunha estrutura organizativa avanzada (responsable de seguridade, reunións de coordinación, etc.)

 <p>Escola Técnica Superior de Enxeñaría</p>	PLANO ESTRATÉXICO DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA	Código: F01-PE-01 Versión: 02 Data: 09/2014
	2014 - 2020	Páxina 5 de 16

- Desenvolvemento dun amplo plan de formación
- Colaboración eficiente co Servizo de Prevención de Riscos e o Servizo de Vixilancia da Saúde

Debilidades

- Falta de automatización dos procesos do sistema de certificación
- Funcionamento reactivo do proceso sen iniciativas
- Falla dunha financiación específica finalista
- Falta de recoñecemento da dedicación á xestión desta temática

Titulacións

No segundo bloque analízanse as fortalezas e debilidades das titulacións que se imparten no centro, tanto de grao como de posgrao. O seu análise é fundamental pois son o obxectivo central dun centro docente. Dedícase especial atención ás prácticas en empresa, aos traballos fin de grao/máster e aos procesos de mobilidade por ser aspectos singulares das titulacións.

Titulacións de Grao

Fortalezas

- Gran compromiso de xestión dos coordinadores das titulacións
- Oferta de Graos estabilizada e atractiva
- Alta demanda dos títulos que se imparten que se traduce nunha alta nota de acceso e estudantes moi decididos a cursar as titulacións
- Acreditación internacional IChemE
- Iniciativas interesantes: Aula Profesional, Docencia en inglés, etc.
- Trato persoal e cordial por parte dos profesores
- Adecuada calidade da docencia acreditada con resultados correctos nas enquisas de satisfacción de estudantes
- Boa inserción laboral das titulacións e egresados ben valorados polas empresas dos respectivos sectores
- Plantilla de PDI e PAS moi comprometida e de alta calidade

Debilidades

- Oferta de docencia en inglés por debaixo das expectativas da programación das titulacións
- Descoordinación e inestabilidade na oferta de materias en inglés
- Escasa sistematización da formación en habilidades transversais
- Falta de coordinación transversal no uso de ferramentas
- Excesivo abandono no primeiro ano
- Oferta da Aula Profesional mellorable en canto a atractivo, especialmente en algunhas titulacións
- Baixa matrícula de alumnas
- Baixa diversidade de orixe dos estudantes
- Programas de visitas a empresas e visitas de campo non coordinados
- Excesiva compartimentación entre as diferentes titulacións do centro

Titulacións de Máster

Fortalezas

- Gran compromiso de xestión dos coordinadores das titulacións
- Situadas en áreas de potencial alta inserción laboral

 <p>Escola Técnica Superior de Enxeñaría</p>	PLANO ESTRATÉXICO DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA	Código: F01-PE-01 Versión: 02 Data: 09/2014
	2014 - 2020	Página 6 de 16

- Grupos e centros de investigación de referencia como apoios
- Intensa colaboración co mundo empresarial e a administración
- Boa inserción laboral das titulacións

Debilidades

- Falla dunha política coordinada de difusión á sociedade dende a USC
- Insuficiencia de recursos financeiros para manter as prácticas de laboratorio, as visitas de campo e á participación de poñentes externos
- Falla de recoñecemento da dedicación ás labores de coordinación
- Oferta de Másteres, en xeral, sen consolidar por ser de recente creación ou por problemas de número de estudantes mínimo
- Falta de infraestructuras e recoñecemento ao profesorado para a posibilidade de poñer en marcha versións non presenciais ou semipresenciais

Prácticas en Empresa

Fortalezas

- Convencemento do persoal da ETSE da súa importancia
- Persoas dispostas a adicarse á súa xestión sen apenas recoñecemento
- Alto número de empresas e outras organizacións coas que a ETSE ten convenio
- Xeración de novos convenios por adxudicación directa a través dos propios estudantes
- Alto nivel de satisfacción acadado polos participantes (empresas e estudantes) que se pon de manifesto nos resultados moi positivos das enquisas

Debilidades

- Insuficiente recoñecemento dos profesores participantes
- Falta de persoal de apoio para a súa xestión, especialmente na coordinación entre titulacións
- A información que chega aos estudantes é cualificada como insuficiente e algo retrasada respecto os correspondentes procedementos de matrícula
- Poucas ofertas de prácticas con bolsa de estudos
- Procesos non completamente adaptado ao SGIC
- Prazos de resolucións non coordinados cos da matrícula ordinaria

Traballos Fin de Grao/Máster

Fortalezas

- Comisión específica para seguimento dos TFG
- Realización de TFG en colaboración con empresas

Debilidades

- A información que chega aos estudantes é cualificada como insuficiente
- Procesos non completamente adaptado ao SGIC

Mobilidade de Estudantes

Fortalezas

- Porcentualmente importante nalgunhas titulacións
- Demanda de estudantes de outras universidades a través de convenios bilaterais e erasmus mundus

 <p>Escola Técnica Superior de Enxeñaría</p>	PLANO ESTRATÉXICO DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA	Código: F01-PE-01 Versión: 02 Data: 09/2014
	2014 - 2020	Página 7 de 16

Debilidades

- Poucos intercambios dos estudantes do centro por convenios bilaterais
- Convenios desaxustados coa estrutura grao/máster
- Baixo interese na mobilidade en algunhas titulacións
- Información na Web insuficiente e pouco clara para os estudantes que chegan ó centro
- Reducida oferta de materias en inglés

Instalacións e Servizos

No último bloque analízanse as fortalezas e debilidades das instalacións e dos diferentes servizos do centro. Os medios materiais dos que se dispoñan condicionan, de xeito irreversible, as posibilidades de desenvolvemento das actividades que se desenvolven no centro.

Instalacións

Fortalezas:

- Boa cobertura de WiFi nas zonas de traballo
- Salas de videoconferencia
- Zonas de traballo a disposición dos estudantes

Debilidades:

- Dispersión das instalacións en moitos espazos diferentes
- Inexistencia dun área social para estudantes e persoal
- Estado deficiente das instalacións xerais con especiais problemas derivados da entrada de auga en diferentes puntos do centro
- Aulas de docencia con problemas nos postos para estudantes
- A cobertura WiFi debería estenderse as aulas de lousa
- Recursos técnicos deficientes nos laboratorios, aulas de informática e aulas de lousa
- Escaso coñecemento do estado/funcionamento das aulas de informática
- Nulo recoñecemento dos órganos de dirección das necesidades singulares de infraestrutura das titulacións que se imparten no centro

Servizos de Conserxería

Fortalezas:

- Boa atención cara ao público
- Alto cumprimento das tarefas de apertura e posta a punto do centro cara a actividade docente
- Xestión de envíos, correos, etc

Debilidades:

- Inexistencia de listado de persoal do centro actualizado
- Inexistencia de información sobre persoal alleo que acude ao centro a realizar traballos

Biblioteca

Fortalezas:

- Salas de lectura e instalacións con condicións adecuadas (luz, temperatura, humidade, etc.)
- Accesibilidade á colección de fondos (acceso directo con horario amplo)



- Persoal (cercano e preparado)

Debilidades:

- Baixo presuposto, insuficiente para adquisicións bibliográficas novas
- Escasez de metros lineais de estanterías
- Infraestrutura informática insuficiente

Cafetería

Fortalezas:

-

Debilidades:

- Moita acumulación de queixas nos últimos anos, especialmente sobre aspectos de limpeza
- Pouco uso por parte dos usuarios do centro

Limpeza

Fortalezas:

- Estado xeral das instalacións correcto sen que se detecten problemas significativos

Debilidades:

- Problemas na limpeza de laboratorios de investigación
- Algúns incumprimentos das asignacións de persoal e as frecuencias de traballo

IDENTIFICACIÓN DAS LÍÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN

En base ás fortalezas e debilidades analizadas nos diferentes apartados anteriores, este Plano Estratéxico da ETSE 2014-2020 estruturarase en 7 grandes liñas estratéxicas dentro das cales se establecerán os correspondentes obxectivos estratéxicos para desenvolverlas.

LÍÑAS ESTRATÉXICAS
1. Infraestruturas
2. Oferta Docente de Grao
3. Oferta Docente de Posgrao
4. Calidade da Docencia
5. Xestión Administrativa
6. Servizos
7. Relacións coa Sociedade

Na primeira das liñas estratéxicas agrúpanse todas as melloras necesarias na infraestrutura do centro, con especial atención ás necesidades de infraestrutura docente como obxectivo principal do centro. Os dous seguintes bloques teñen como obxectivo a mellora das titulacións que se imparten no centro, tanto a nivel de grao como a nivel de posgrao. O tres seguintes aspectos considerados son transversais e afectan a todos os niveis do centro. Por último, considéranse os aspectos da relación do centro co seu contorno. A continuación ofrece-se o detalle dos obxectivos estratéxicos que forman cada unha das liñas definidas.



Obxectivos Estratéxicos

A primeira das liñas estratéxicas centrase nas infraestruturas como elementos necesarios para o desenvolvemento das actividades propias do centro.

Os obxectivos estratéxicos desta liña están ligados fundamentalmente a necesidade de mellorar continuamente os espazos físicos onde se desenvolven as actividades e as infraestruturas dispoñibles neles. Pero, ademais, ponse de manifesto a necesidade de dotarse de mecanismos de opinión para coñecer o estado das mesmas.

LÍÑA ESTRATÉXICA 1

Infraestruturas

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

1. Coñecer o estado subxectivo das infraestruturas do centro
2. Mellorar as infraestruturas docentes
3. Mellorar as instalacións xerais do centro

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.1

Coñecer o estado das infraestruturas do centro

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Realizar enquisas de opinión sobre as infraestruturas do centro

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.2

Mellorar as infraestruturas docentes

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Mellorar a dotación de mobiliario das aulas
- B. Renovar os medios de proxección das aulas
- C. Mellorar a cobertura Wifi das aulas
- D. Dotar de conexións de electricidade para portátiles as aulas
- E. Renovar equipamento das aulas de informática
- F. Montaxe dunha aula de videoconferencia
- G. Revisar a dispoñibilidade de espazos para titorías
- H. Mellorar a organización das áreas e salas de traballo

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.3

Mellorar as instalacións xerais do centro

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Seguimento das solucións da área de infraestruturas
- B. Impulsar o plan de climatización dos laboratorio de investigación

A segunda liña estratéxica enfocase a oferta docente de grao que se está impartir no centro pois constitúe o obxectivo central de todo espazo docente.



Os obxectivos estratéxicos desta liña están ligados fundamentalmente a mellorar diferentes aspectos de desenvolvemento dos títulos. Tamén é moi importante avanzar no coñecemento da implantación e execución real dos títulos. Por suposto sen esquecer o traballo continuo en revisar o catálogo de titulacións co obxectivo de que sexa o máis adecuado para a formación dos nosos estudantes.

LÍÑA ESTRATÉXICA 2

Oferta Docente de Grao

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

- 1. Conseguir un catálogo de titulacións atractivo**
- 2. Mellorar a docencia en inglés**
- 3. Mellorar a difusión das titulacións**
- 4. Mellorar o proceso de captación de alumnas**
- 5. Estruturar o programa de visitas a empresas**
- 6. Revisar o cumprimento das Memorias das Titulacións**
- 7. Mellorar a información sobre o programa de prácticas en empresa**

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.1

Conseguir un catálogo de titulacións atractivo

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Explorar a implantación de novas titulacións atractivas**
- B. Explorar a posibilidade de desenvolver dobres titulacións**

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.2

Mellorar a docencia en inglés

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Acreditar o coñecemento dos profesores participantes**
- B. Trazar unha ruta de docencia en inglés nas titulacións**

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.3

Mellorar a difusión das titulacións

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Ampliar a participación, de profesores das titulacións, en programas de captación de estudantes**
- B. Acudir, con todas as titulacións, a eventos de promoción**

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.4



Mellorar o proceso de captación de alumnas

ACCÍONS ESTRATÉXICAS

- A. Elaborar materiais divulgativos específicos para a captación de alumnas**

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.5

Estruturar o programa de visitas a empresas

ACCÍONS ESTRATÉXICAS

- A. Elaborar Plans de Visitas Anuais coordinados por titulación**

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.6

Revisar o cumprimento das Memorias das Titulacións

ACCÍONS ESTRATÉXICAS

- A. Mellorar a adecuación dos programas das materias ás Memorias das Titulacións**
- B. Estudar o cumprimento real das porcentaxes de avaliación continua**
- C. Avanzar na definición da avaliación de competencias**

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.7

Mellorar a información sobre o programa de prácticas en empresa

ACCÍONS ESTRATÉXICAS

- A. Informar aos estudantes de segundo curso do programa de prácticas en empresa**

A terceira liña estratéxica enfocase a oferta docente de posgrao que se está impartir no centro pois constitúe o outro obxectivo central de todo espazo docente.

O obxectivo estratéxico desta liña, tendo en conta que a ofertar está en etapa de consolidación, é traballar no catálogo de titulacións co obxectivo de que sexa o máis adecuado para a formación dos nosos estudantes.

LÍÑA ESTRATÉXICA 3

Oferta Docente de Posgrao

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

- 1. Conseguir un catálogo de titulacións atractivo**

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3.1



Conseguir un catálogo de titulacións atractivo

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

A. Estabilizar a oferta de titulacións de posgrao

A cuarta liña estratéxica ten que ver coa calidade da docencia como aspecto fundamental para ofrecer aos nosos estudantes unha docencia cada vez mellor.

Entre os obxectivos estratéxicos desta liña destaca a intención de avanzar na implantación do Sistema de Xestión Interna da Calidade no convencemento de que é a ferramental fundamental de mellora da que dispoñemos nestes momentos. Non menos importante é a necesidade de coñecer mellor o que ocorre no desenvolvemento das titulacións, e na incorporación dos nosos egresados ao mercado laboral, como fonte de deseño de accións de mellora futuras. Inclúense, ademais, obxectivos concretos para mellorar aspectos que deben ser tidos en conta sempre como a formación docente dos nosos profesores.

LÍÑA ESTRATÉXICA 4

Calidade da Docencia

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

1. Coñecer a situación profesional dos egresados e a súa adaptación ao mercado laboral
2. Incrementar a formación docente dos profesores
3. Coñecer o desenvolvemento subxectivo das competencias das titulacións
4. Implantar o Sistema de Xestión Interna da Calidade
5. Formalizar os procesos de calidade que se realizan actualmente nas titulacións
6. Acreditar as titulacións existentes
7. Estudar a carga real subxectiva de traballo das titulacións

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4.1

Coñecer a situación profesional dos egresados e a súa adaptación ao mercado laboral

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Realizar enquisas de situación laboral aos egresados das titulacións**

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4.2

Incrementar a formación docente dos profesores

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Organizar actividades de formación docente no centro**
B. Organizar foros de intercambio de experiencias docentes

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4.3



Coñecer o desenvolvemento subxectivo das competencias das titulacións

ACCÍONS ESTRATÉXICAS

- A. Realizar enquisas sobre a obtención de competencias a estudantes, a profesores e a empregadores**
- B. Coordinar o desenvolvemento das competencias transversais das Memorias das Titulacións**

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4.4

Implantar o Sistema de Xestión Interna da Calidade

ACCÍONS ESTRATÉXICAS

- A. Revisar o cumprimento dos procesos do SGIC**
- B. Desenvolver o plano estratéxico do centro**
- C. Desenvolver as programacións anuais**

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4.5

Formalizar los procesos de calidade que se realizan actualmente nas titulacións

ACCÍONS ESTRATÉXICAS

- A. Preparar un Plano Executivo de Calidade para regular as reunións de coordinación das titulacións**

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4.6

Acreditar as titulacións existentes

ACCÍONS ESTRATÉXICAS

- A. Estudar as posibles acreditacións para as titulacións do centro**

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4.7

Estudar a carga real subxectiva de traballo das titulacións

ACCÍONS ESTRATÉXICAS

- A. Realizar enquisas para coñecer a opinión dos estudantes e profesores sobre a carga de traballo das materias das titulacións**

A quinta liña estratéxica enfocase cara os aspectos de xestión administrativa, pois estes procesos son un punto importante de interacción dos nosos usuarios co centro.

O obxectivo estratéxico fundamental desta liña é traballar na mellora, que debe ser continua, destes procesos. Dentro de todos os procesos relacionados con esta liña destaca a revisión dos procesos de comunicación co obxectivo de asegurar a dispoñibilidade da información en tempo e forma. Por último, pero non menos importante, é necesario avanzar no coñecemento da percepción da xestión que teñen os usuarios.



LÍÑA ESTRATÉXICA 5

Xestión Administrativa

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

1. Coñecer a percepción subxectiva da xestión do centro
2. Mellorar as políticas de comunicación
3. Mellora dos proceso administrativos

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 5.1

Coñecer a percepción subxectiva da xestión do centro

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Realizar enquisas de satisfacción dos servizos de xestión do centro

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 5.2

Mellorar as políticas de comunicación

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Mellorar o Web do centro en contidos e usabilidade
- B. Por en marcha o Twitter do centro
- C. Fomentar o coñecemento das actividades non docentes do centro polos estudantes

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 5.3

Mellora dos proceso administrativos

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Asegurar o cumprimento dos prazos dos procesos administrativos
- B. Revisar os procesos de custodia e publicación das actas das comisións
- C. Revisar a accesibilidade Web aos formularios

A sexta liña estratéxica enfocase cara os servizos complementarios que ofrece o centro. Aínda que en moitos casos a súa xestión non depende do centro e, por tanto, as posibilidades de actuar sobre estes é limitada, si deben ser unha preocupación porque afectan a vida no centro.

O obxectivo estratéxico central desta liña é o coñecemento da forma en que se desenvolven os servizos complementarios. É fundamental incidir neste coñecemento para coñecer a súa realidade e poder deseñar accións de mellora.



LÍÑA ESTRATÉXICA 6

Servizos

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

- 1. Coñecer o funcionamento subxectivo dos servizos do centro**
- 2. Aportar dotación de equipamento aos servizos**
- 3. Mellorar o servizo de cafetería**

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 6.1

Coñecer o funcionamento subxectivo dos servizos do centro

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Realizar enquisas de satisfacción con servizos do centro**

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 6.2

Aportar dotación de equipamento aos servizos

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Ampliar o número de ordenadores para consulta de catálogo na Biblioteca da ETSE**

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 6.3

Mellorar o servizo de cafetería

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Sacar a concurso a concesión da cafetería**

A séptica, e última, liña estratéxica abarca todo o relativo as relacións entre o centro e os diferentes axentes sociais co que este se relaciona.

O obxectivo estratéxico mais importante desta liña está relacionado cos axentes sociais que teñen influencia indirecta na docencia que se imparte no centro. Neste senso destacan as empresas coas que o centro ten convenios para o desenvolvemento de prácticas en empresa ou a realización de traballos fin de estudos.

LÍÑA ESTRATÉXICA 7

Relacións coa Sociedade

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS



1. Internacionalización
2. Relacións co tecido empresarial

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 7.1

Internacionalización

ACCÍONS ESTRATÉXICAS

- A. Mellorar a difusión da información das titulacións de grao y máster

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 7.2

Relacións co tecido empresarial

ACCÍONS ESTRATÉXICAS

- A. Realizar enquisas para coñecer a opinión das empresas sobre egresados e estudantes en prácticas / traballos fin de estudos
- B. Aumentar o número de convenios